

VICTORINO PÉREZ PRIETO,
Más allá de la fragmentación de la teología. El saber y la vida: Raimon Panikkar,
Tirant Lo Blanch, Col. Diáspora, Valencia 2008, 341 pp.

Xaime M. González Ortega. *Encrucillada* 159 (2008)

Estamos ante unha utilísima e amena introdución a un autor singular no panorama filosófico-teolóxico ibérico. Quizá uns poucos datos sirvan para apuntar esta singularidade: foi bautizado como Raimundo Pániker Alemany, fillo dunha católica barcelonesa é un aristócrata hindú; foi membro do Opus Dei durante 24 anos; como Raimundo Panikkar volve da súa estancia na India, integrando catolicismo e hinduísmo (“Salí cristiano, me he descubierto hindú y regreso budista, sin dejar por ello de ser lo primero” afirmou acerca desta experiencia); actualmente leva o nome de Raimon Panikkar en coherencia coas súas raíces catalás e hindús. Panikkar é un dos primeiros impulsores dunha teoloxía interrelixiosa e do diálogo ente as relixións.

Digo que é unha introdución amena porque a súa prosa, que discorre con admirable fluidez pola clara e ben organizada estrutura da obra, leva ao lector en volandas ao longo da traxectoria vital e intelectual de Panikkar. E digo que é un libro útil porque sistematiza moitos aspectos da obra panikkariana, dispersa en artigos e libros calidoscópicos.

O libro está dividido en dúas partes, a primeira dedicada ao itinerario vital e intelectual de Panikkar e a segunda ao seu quefacer teolóxico, mais quizá podemos delimitar catro seccións ben diferenciadas. Na primeira (capítulo I.1) preséntasenos o seu itinerario vital –imprescindíbel para a comprensión da evolución intelectual do autor catalán–. Na segunda (capítulos I.2, I.3, II 1, II.2, II.3 e II.4) intentan resumirse –arduo labor– as claves da súa metodoloxía intelectual e do seu pensamento. A terceira parte está dedicada a explicar os seus contributos á ciencia teolóxica baixo o orixinal título de *Un diccionario panikkariano*. Finalmente a cuarta parte estaría constituída por unha especie de apéndice que aparece baixo o epígrafe *Bibliografía Panikkariana*, que é, porén, un dos grandes contributos do libro, xa que é a primeira vez que se sistematiza toda a obra de Panikkar (57 libros e máis de 1.500 artigos) desde 1942 até 2006. O primeiro capítulo é de apracible lectura, mentres se van esfolando as distintas etapas dunha vida longa e cambiante, fecunda e multidimensional. Os demais son algo máis difíciles, en correspondencia coa dificultade da obra do autor catalán universal; por iso me permito recomendar ao posible lector que comece esta segunda parte lendo a conclusión que segue ao capítulo 5, onde Victorino Pérez soubo sintetizar moi ben o significado da obra de Panikkar. El mesmo nos prevén: “La teología de Raimon Panikkar no es una obra para *empezar*, sino para *descolocar* y para *abrir caminos nuevos*, diferentes, a quien cree que ya los tiene suficientemente asentados”.

É moi interesante que o libro comece cunha descrición dos desafíos que a teoloxía ten nestes axitados primeiros anos do século XXI, porque isto axuda a situar moito mellor as intuicións teolóxicas de Panikkar. É igualmente interesante, e imprescindible, como xa dixemos, que se dedique un amplo espazo á súa complexa biografía porque isto posibilita entender a peculiar evolución do seu pensamento.

Despois de nos introducir no obxectivo panikkariano de revitalizar a teoloxía (capítulo II.1) o autor céntrase nas claves do seu quefacer teolóxico (capítulo II.2), a súa intención de aspirar ao que poderíamos chamar un pensamento íntegro, onde, sen perder as achegas das súas particulares realizacións, se alcanzase unha sistematización que “armonizase o *logos* e o *pneuma*, o racional e o simbólico, teoloxía, filosofía, ciencia e

mística” (páx. 168). Para isto é imprescindíbel superar a primacía que a ciencia ten na nosa sociedade, e quen no lo di non é un francotirador anticientífico, posto que Panikkar é doutor en química, ademais de en filosofía e teoloxía. Este filósofo-teólogo aspira a unha teoloxía “profética e utópica”, froito dunha vida e dun pensamento libres, mais onde a liberdade se une ao rigor.

Un capítulo central do libro é aquel (II.5) en que se debulla a rede conceptual do pensamento panikkariano. Victorino Pérez introduce, un por un, os conceptos orixinais que se poden rastrexar nos libros e artigos do autor estudado. Desde os *equivalentes homeomórficos*, concepto imprescindible para unha auténtica comparación das distintas relixións até o *diálogo interrelixioso*, hoxe xa un lugar común na teoloxía pluralista. Un concepto clave no edificio teolóxico de Panikkar é a *intuición cosmoteándrica* –unha recolocación das realidades divina, humana e cósmica–, aínda que, persoalmente, penso que é moi discutible que por aquí poida vir unha solución ao problema teolóxico da doutrina católica da Trindade.

Creo que é moi difícil axuizar a obra de Raimon Panikkar, cousa que o libro obxecto desta recensión tampouco pretende. Segundo o mesmo autor nos refire, de Panikkar díxose que “é un científico natural e un mestre espiritual, un filósofo e un home de oración, un fenomenólogo da relixión e un teólogo sensible á intuición mística e destro na especulación racional” e que “nunca na historia do cristianismo se deu un desafío de tal magnitude”. Se Panikkar foi que de colmar este desafío o tempo o dirá, pero o certo é que estamos ante unha moi recomendable introdución ao seu pensamento.